



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 3 DISLEXIA

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións do exame antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.



2020310451

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-20-DLX



Proba A1

Ti pertences a unha asociación de comerciantes interesada en promover o turismo na túa vila.

Despois de ver a seguinte reportaxe na televisión, decides escribirlle un **correo electrónico** sobre este tema á concelleira de Turismo.

No texto, de **260-300 palabras**, tes que:

- Presentarte e explicar brevemente como medrou o turismo galego nos últimos anos.
- Explicar os atractivos turísticos da túa comarca que conviría promocionar para aumentar o número de visitantes.
- Informar á concelleira de Turismo sobre os recursos tecnolóxicos que axudarían a promover a túa vila como destino turístico.
- Facerlle propostas para favorecer o turismo na túa vila e ofrecerlle a túa colaboración.



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Ti pensas que os oficios artesanais aínda teñen futuro en Galicia.

Despois de ler o seguinte texto nunha revista dixital, decides escribir un **artigo** para un blog, ou páxina de Internet sobre como crear un negocio propio.

Neste escrito, de **300 palabras**, deberás:

- Facer un breve resumo sobre como foron cambiando os oficios tradicionais desde o século pasado ata hoxe.
- Dar a túa opinión sobre as oportunidades de negocio que pode ofrecer o sector da artesanía actualmente.
- Citar algúns exemplos de empresas de produtos artesanais ás que lles vai ben.
- Propoñerlles aos lectores e lectoras do blog algunha actividade artesanal á que dedicarse profesionalmente.

Neoartesanía ou a volta ao web 2.0. Outra forma de poñen en valor os oficios tradicionais

A mediados do século XX, as vilas e aldeas do país estaban repletas de artesáns e artesás que producían nos seus talleres boa parte dos obxectos esenciais para a vida diaria.

Facíanse olas, ferramentas para o campo, teas, zapatos e zocas, roupa de cama, coitelos ou navallas.

Os oficios tradicionais garantían que nas poboacións non faltase de nada.





Este saber tan antigo transmitíase de xeración en xeración.

Todo isto foi cambiando a medida que a economía se internacionalizaba e a industria ía a máis.

A globalización foi un dos motivos de que estivesen a piques de desaparecer estes negocios tradicionais.

O problema vén de que agora as modas chegan a todas partes. Cada vez é máis fácil que os produtos se poidan fabricar en calquera lugar do mundo para logo vender a prezos moi baixos.

Os oficios tradicionais, como a cestaría, a zocaría, a olaría ou a ferraría deixaron de ser necesarios.



A partir dos anos setenta estes oficios pasaron de ser necesarios a ir transformándose pouco a pouco en algo cultural, nunha maneira de identificarnos co folclore do país.

A artesanía converteuse nun oficio que permitía apenas sobrevivir e que orixinaba poucos cartos.

A partir do 2000 estes oficios tradicionais que estaban case desaparecidos foron recuperándose pouco a pouco.

Empezou a haber un modelo de consumo rápido, baseado en produtos que duraban pouco e que había que substituír axiña por outros.

Xusto ao mesmo tempo nacía una nova moda que promovía a creación de poucos produtos, exclusivos, orixinais e feitos a man.

O movemento *hipster*, defensor do «Faino ti», é un dos responsables desta nova mentalidade.

Os traballos manuais empezaron a poñerse de moda. Era o inicio da era da neoartesanía.

Para loitar contra a inestabilidade do sector e facelo competitivo, hoxe faise imprescindible fabricar cousas novas e pensar noutra maneira de promocionalas e vendelas.

O apoio de Internet permitiu devolverlle o esplendor á artesanía.

Neoartesanía de moda



Pola súa propia natureza, a industria da moda e do luxo está moi relacionada coa fabricación.

Confeccionar pezas, bordar e coser abelorios son traballos moi laboriosos que realizan os artesáns. Isto é o que xustifica os elevados prezos das pezas.

Hoxe a artesanía —mesmo máis aló da alta costura— afástase de fabricar obxectos útiles e convértese nun pracer limitado a uns poucos.

A miúdo, no mundo da moda e do espectáculo recupéranse nomes de pequenas industrias e buscan ser diferentes.



É o caso de **Castrillo**, o fabricante burgalés de corpiños e máscaras de coiro que visten Madonna ou Beyoncé. As súas creacións chegaron aos escaparates de Nova York, París ou Londres.



No norte, xorden colaboracións de moda con moito éxito.

É o caso da cesteira **Idoia Cuesta**, vasca, que agora vive en Outeiro de Rei (Lugo), unha das grandes renovadoras do oficio, que despuntou aplicándolles técnicas tradicionais a tecidos.



A deseñadora **Sara Coleman** chegou a empregar os seus complementos na Mercedes Benz Fashion Week Madrid.

Recoñecida co Premio Nacional de Artesanía, esta creadora vasca é tamén responsable na

actualidade dunha liña de bolsos, chamada Galicia, comercializada pola casa de luxo Loewe.



Á zoqueira **Elena Ferro** pásalle un pouco o mesmo aínda que confesa que as pasarelas e as tendencias non lle gustan especialmente.

De feito, algunhas das súas creacións pisaron xa alfombras vermellas (nos Goya 2015) e pasarelas (da man da marca galega AirovA).

Grazas ao seu compromiso coa historia familiar, o calzado tradicional galego, os zocos, viven unha segunda xuventude.

O seu segredo é o equilibrio entre as liñas tradicionais e a inspiración moderna, cunha ampla variedade de cores, estampados e motivos que fan dos zocos un calzado cheo de posibilidades.

A propia Elena admite que a xente coñécea por facer zocos «á carta».

E é que a produción baixo demanda é unha das grandes apostas da neoartesanía, ao controlar o stock dispoñible e limitar así a marxe de perdas.

Poida que aínda haxa esperanza para os antigos oficios na era 2.0.

Texto adaptado da revista *Coolt*

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

